

ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN CELEBRADA O DÍA 8 DE MARZO DE 2024

Na Sala de Comisións do Pazo Provincial, sendo as nove horas do día oito de marzo do ano dous mil vinte e catro, reúnese a Mesa Xeral de Negociación, estando presentes nesta sala os seguintes:

- Jesús Vázquez Almuíña, deputado provincial das áreas de Asistencia aos Concellos, Transparencia e Administración Xeral
- Alejandro Lorenzo Alonso, deputado delegado das áreas de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación
- María Ramallo Vázquez, deputada delegada de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital
- Montserrat Otero Oitavén, coordinadora de Réxime Interno
- M^a Jesús Torres Peón, xefa do Servizo de RRHH e Formación
- Sindicato CCOO: Juan Carlos de la Vega Castiñeiras, Leticia Lozano García, Ángela Comesaña Martínez, Iria Fernández Delgado e José Luis Fernández Costas
- Sindicato UGT: Patricia García Martínez, Luis Lago Serafín, Manuel Leiro Oubiña e Ana Paula Barral Rial
- Sindicato CIG: Adrián Blanco Cortegoso e Otilia M^a. Castro Castro
- Sindicato CSIF: Remedios Pérez González

O delegado sindical de CCOO, antes de comezar co primeiro punto da orde do día, pregunta se se vai tratar nesta mesa o tema das axudas sanitarias que se incorporaron á nómina deste mes.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación aclara que non, dado que xa se dou contestación ós escritos as organizacións sindicais.

As organizacións sindicais comentan que non recibiron ningún escrito.

A xefa do servizo de RRHH e Formación, descoñece o que puido pasar, pois enviaron o escrito ó día seguinte. Explica que nesa comunicación informábase de cal era a consignación destinada a este tipo de axudas, o número de solicitantes do ano 2023 e o montante total. Dada a situación, houbo que reducir un 16% as contías de cada solicitante. Informa que se están preparando unhas novas normas que regulan o procedemento de concesión e que se entregará un borrador para que formulen as alegacións que estimen pertinentes.

A delegada sindical de CCOO, considera inxusto que se lle reduza a mesma proporción a un traballador do grupo A1 que a un grupo inferior que cobra moito menos.

O deputado delegado, Jesús Vázquez, considera que o criterio porcentual é un criterio xusto, non obstante se abren a valorar outras opción, tendo en conta que tratase de axudas e non salarios.

A delegada sindical de UGT, comenta que non recibiron ningunha contestación e pediron que se incluía este asunto na orde do día.



O deputado delegado, **Jesús Vázquez**, informa que lles chegará hoxe a contestación.

A delegada sindical de **UGT**, pregunta se hai algunha solución para recuperar o 16% o próximo ano.

O deputado delegado, **Jesús Vázquez**, contesta que iso afecta a outras partidas e resulta complicado.

O delegado sindical de **CCOO**, fai constar que hai un enfado xeral do persoal e eles non teñen os datos para poder informarlles.

A delegada sindical de **UGT**, salienta que veñen pedindo información desde novembro. Propón facer un estudo traballando de forma conxunta.

O deputado delegado, **Jesús Vázquez**, explica que se lles vai pasar a información e datos para que as organizacións sindicais os poidan revisar ata dentro de dous venres e se non chega o prazo poderase ampliar. A continuación dá paso ó primeiro punto da orde do día, propoñéndolle á xefa do Servizo de RRHH e Formación que explique brevemente.

1º.- Modificación do cadro de persoal e relacións de postos de traballo da Deputación.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, explica os cambios propostos:

1. Creación dun posto de traballo de persoal laboral fixo

En cumprimento da sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Pontevedra, de data 08/05/2023, pola que se declara nulo o despido de D^a Inés Rozas Múñiz, mestra composteira, con efectos do 31/05/2020 e se condena á Deputación Provincial de Pontevedra a súa readmisión, procede crear na relación de postos de traballo de persoal laboral fixo adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal un posto de mestre/a composteiro/a, nivel C2-17, segundo salario recoñecido por sentenza. Na proposta de creación do referido posto detállanse as correspondentes funcións.

2. Modificación da forma de provisión do posto de traballo de vicesecretario

A vista a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 01/02/2024, pola que se estima o recurso do Colexio territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local das provincias de Coruña e Pontevedra contra o acordo plenario do 25/11/2020, polo que se modificou a forma de provisión do posto de vicesecretario/a da Deputación para establecer o sistema de libre designación, procede deixar sen efecto dita modificación e manter como sistema de provisión o concurso.

3. Modificación de nivel de complemento de destino



No orzamento provincial do ano 2024 modificouse, por razóns organizativas, a estrutura e composición do Servizo de Cohesión Social e Xuventude para crear dous Servizos independentes, o de Benestar Social e o de Reto demográfico e Xuventude, de forma que a anterior xefatura de Servizo, vinculada a unha técnica de admón. Xeral do subgrupo A1 asignase ao Servizo de Reto demográfico e Xuventude, mentres que o anterior posto de adxunta á xefatura de servizo de Cohesión do nivel 25, ocupado por unha traballadora social do subgrupo A2, transfórmase nun posto de xefatura de Servizo de Benestar do nivel 25.

Dado que na actual estrutura organizativa da Deputación, o tipo de posto de adxunto/a á xefatura de Servizo do subgrupo A2 figura cun nivel 25, igual que o dos postos de adxunto/a á xefatura de Servizo, procede revisar a asignación de niveis por tipo de posto para marcar unha diferenza de grao entre o posto de xefatura de Servizo do subgrupo A2 e o de adxunto á xefatura do Servizo do mesmo subgrupo, atribuíndoselles respectivamente o niveis 26 e 25.

Por tal motivo, propónse modificar a RPT de persoal funcionario adscrito ao Servizo de Benestar Social co fin de atribuír ao posto de xefatura de Servizo de Benestar Social o nivel 26 de complemento de destino.

4. Creación de dúas prazas de técnico/a medio/a de admón. xeral con cargo á amortización de outras dúas prazas vacantes no cadro de persoal

Con motivo do traslado da técnica de admón. xeral do subgrupo A1, adscrita ao Centro Príncipe Felipe, ao Museo Provincial, previuse amortizar esta vacante para crear outra praza do subgrupo A2 de técnico/a medio/a de admón. xeral. A transformación desta praza nun subgrupo inferior xustifícase na existencia nese Centro dun posto de xefatura de servizo, de nivel superior, ocupado por unha técnica de admón. xeral, que precisa da colaboración técnica doutra persoa para a xestión administrativa dos procedementos de contratación, elaboración de propostas de resolución, estudo ou informes que sexan necesarios, podendo prescindir dese posto do subgrupo A1.

Así mesmo, requírese reforzar o Servizo de Turismo con persoal técnico de administración xeral, do subgrupo A2, para que colabore coa xefatura de Servizo na tramitación de varios expedientes de proxectos europeos xa aprobados, así como na elaboración de informes, execución, xustificación e seguimento destes fondos nas plataformas de xestión dos distintos Ministerios, entre outras.

De acordo co indicado, a creación destas dúas prazas de técnico/a medio/a de admón. xeral, do subgrupo A2, financíase coa amortización dunha praza de técnico/a de admón. xeral, do subgrupo A1 e posto de traballo adscrito ao Centro Príncipe Felipe, de nivel 26, e unha praza de oficial/a de imprenta, do subgrupo C2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 17, adscrito ao Servizo de Comunicación.



5. Transformación dunha praza de informático programador do subgrupo C1, nunha praza de administrativo/a do mesmo subgrupo de clasificación

Ao quedar deserto o proceso selectivo da praza de informático/a programador/a do subgrupo C1, con posto de traballo de xestor/a da plataforma de teleformación adscrito ao Servizo de Recursos Humanos e Formación, propónse a transformación desta praza nunha de administrativo/a de admón. xeral do mesmo subgrupo de clasificación e retribución, co obxecto de garantir unha adecuada prestación de servizos, en vista ao relevo de persoal dos próximos anos, e impulsar o proceso de transformación dixital da xestión de persoal.

O delegado sindical de CCOO, pon de manifesto que se seguen poñendo parches de forma continua. Sinala que levan anos solicitando que se elabore unha nova RPT e non se lles dá esa información. Salia que non se tocou o tema do grupo E e soamente se reclasificou unha praza. En canto ó laboral fixo por sentenza, manifesta que non teñen nada que alegar pero cada vez hai máis sentenzas en contra da Deputación. Por outro lado, pregunta por que a praza de mestre composteiro non se crea como C1.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, informa que por sentenza recoñeceuse como C2 e non hai ningunha outra praza de mestre composteiro na RPT.

O delegado sindical de CCOO, considera que a praza é de maior nivel. En canto á praza de Vicesecretario cre que a forma de provisión debería ser por concurso. Así mesmo, pon de manifesto que a xefatura de Benestar Social non pode ser A2 tratándose dunha xefatura de Servizo, e están de acordo coa solución de incrementar o complemento de destino sempre e cando se modifique a A1 o próximo ano.

Salia a necesidade no Servizo das dúas prazas da imprenta e propón que se reconsidera e se busque outra fórmula para a creación das prazas do Centro Príncipe Felipe e Turismo. E, en canto á praza de administrativo do Servizo de RRHH e Formación, entenden que debería convocarse por quenda de promoción interna.

A delegada sindical de CCOO, pregunta se esta praza se vai cubrir por interinidade unha vez creada.

A xefa do servizo de RRHH e Formación, manifesta que de momento non está valorada esa opción.

A delegada sindical de UGT, explica que van presentar un escrito co fin de que se incorpore á acta, en relación á posición da súa sección sindical no tema das axudas sanitarias. Recorda que UGT foi o único sindicato que apoiou a aprobación do orzamento e agora tráese unha modificación da RPT, que non di que non estea xustificada, pero non se trae o caso do grupo E, as diferencias entre os grupos C1 e C2 (condutores, etc.) e non entenden por que estas cuestións non se formulan.



O deputado delegado, **Jesús Vázquez**, informa que a elaboración dunha nova RPT vaillles levar un tempo e esta é a formula que elixiron para sacar o tema adiante.

O delegado sindical da **CIG**, propón facer un estudo de todo o cadro de persoal e ter un cronograma onde se coñeza que se vai facer para poder comentarllo ós compañeiros. Considera que isto son parches que provocan un malestar entre os compañeiros. Non di que as modificacións que se traen non están xustificadas pero queren un cronograma e xogar coas cartas encima da mesa para todos. O seu voto é negativo a que se aprobe a modificación da RPT e sempre o será mentres non se traslade un cronograma.

2º.- Convocatoria de provisión 4 postos de cociñeiro/a.

A xefa do **servizo de RRHH e Formación**, explica que recibiron alegacións dos tres sindicatos. Informa que se trata da provisión dos 4 postos que se crearon no orzamento para a súa provisión entre funcionarios de carreira e polo sistema de concurso de méritos.

Na plantilla existen 12 prazas de oficial de cociña, que se corresponden con 6 postos de cociñeiro/a, dos que 2 están ocupados definitivamente e 4 con adscrición provisional, e 6 postos de oficiais de cociña, que son os que realizan as funcións de axudantes.

Agora convocase a provisión dos 4 postos de cociñeiro/a creados no orzamento do 2024 para a súa provisión definitiva mediante concurso de méritos entre os 10 oficiais de cocina funcionarios de carreira.

Non se trata dunha adscrición provisional, se non definitiva, na que so pode participar o persoal co praza de oficial/a de cociña. Fai constar que non existe acordo entre os tres sindicatos sobre a valoración dos méritos, polo que propón que se reúnan e establezan un baremo para traelo á seguinte mesa, tendo en conta que a norma reguladora establece que a puntuación de cada apartado do baremo non pode exceder do 40% do total, nin ser inferior ao 10%. Se a puntuación máxima e de 20 puntos, cada apartado non pode exceder de 8, nin ser inferior a 2.

Achegase a acta a contestación individual as alegación formuladas polos tres sindicatos

3º.- Modificación do regulamento e modelo operativo do teletraballo.

A xefa do **Servizo de RRHH e Formación**, explica brevemente as alegacións recibidas, dando contestación a continuación a cada unha delas:

1. Equipos tecnolóxicos: solicitan unha mellora dos medios tecnolóxicos que se entregan:

Contestación: Neste momento a Deputación non dispón doutros medios para o teletraballo.

2 . Postos susceptibles de teletraballo. CCOO propón incluír, a maiores os seguintes:

- Postos de Rexistro de Saída



- Xefaturas de Negociado
- Xefaturas de Seccións.
- Postos con Horas Extras:
- Postos con Dedicación Exclusiva:
- Postos teñen unha parte susceptible de traballo telemático, coma o técnico de laboratorio
- Postos que impliquen o manexo de información e acceso a datos non dixitalizados propoñen engadir "**de maneira habitual**".

Contestación: Mantense o criterio da incompatibilidade do teletraballo co réxime da dedicación e horas extras, os demais casos poderanse aclarar.

3. Xornada. En xeral, ambos sindicatos solicitan:

- Permitir cambiar os días asignados e o seu número.
- Computar o exceso de horas en teletraballo
- Modificar os días de teletraballo semanal ou mensual
- Permitir ás persoas que teñen flexibilidade horaria, compensar a xornada laboral en ámbalas dúas modalidades indistintamente.
- Permitir a realización de horas extras nas xornadas de traballo presenciais,
- Autorizar as persoas co factor dedicación o teletraballo por enriba das 20 horas de dedicación.

Contestación: A xestión do control de presenza non permite este tipo de cambios, salvo o último que xa está previsto.

6. Lugar de desenvolvemento do teletraballo.

Solicitan poder modificar o domicilio por segundas residencias

Contestación: Permitirase un segundo domicilio, sempre que conte co informe de avaliación de riscos do Servizo de Prevención e a comprobación da conexión polo Servizo de NNTT

11. Criterios de prioridade para a autorización do teletraballo.

UGT solicita unha redacción alternativa e CCOO propón os seguintes criterios de prioridade:

- 1.- Persoas vítimas de violencia de Xénero
- 2.- Traballadoras Embarazadas
- 3.- Tempo e distancia de desprazamento do domicilio ó lugar do traballo
- 4.- Persoas con Discapacidade
- 5.- Persoas maiores de 60 anos
- 6.- Persoas con necesidades de conciliación
- 7.- Non ter autorizada compatibilidade (un segundo posto de traballo)

Contestación: Podería valorarse esta opción similar a recollida pola Xunta de Galicia.

A delegada sindical de CCOO, pregunta se a unha persoa con horas extras lle vai a denegar o teletraballo.

A xefa do Servizo de RRHH r Formación, indícalle que en principio si, salvo que existan razóns de forza maior e lle interese a Administración que as realice.



A delegada sindical de CCOO, pide que se respecte o teletraballo e poder facer as horas extras cando se traballa en presencial.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, sinala que se está insistindo en que se lle concedan horas extras á persoa traballadora, pero aclara que a necesidade da autorización a debe valorar á xefatura do Servizo e non a persoa interesada en realizalas.

A delegada sindical de UGT, formula a posibilidade de que cando acudan presencialmente os traballadores poidan facer horas extras.

A xefa do Servizo de RRHH e Formación, indica que non se pode garantir plenamente a supervisión da persoa traballadora, e isto ocasiona unha maior carga de traballo para ás xefaturas dos Servizos.

Finalmente, non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión, sendo as nove horas e corenta minutos, do que como secretaria dou fe.

